



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
www.ponteceso.es
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

REGULAMENTO

1ª POPULAR "FARO RONCUDO"

1º Nome da actividade, número cronolóxico da edición e data de celebración

Nome: 1ª Popular Faro Roncudo.

Edición: Primeira vez.

Data de celebración: 6 de abril ás 20:00 h.

2º Regulamento da proba

a) Horario da proba e categorías establecidas.

Carreira única ás 20:00 h, establecendo as seguintes categorías:

HORARIO	CATEGORÍA	SUBCATEGORÍA	DATA NACEMENTO	DISTANCIAS
20:00 h	Carreira adaptada: Handbike	Masculino e feminino	Nados no 2003 e anteriores	6,200 km aprox.
	Carreira adaptada: Cadeira de rodas atletismo	Masculino e feminino	Nados no 2003 e anteriores	
	Sub 18	Masculino e feminino	No 2002 e 2003	
	Sénior	Masculino e feminino	Entre 2001 e 34 anos	
	A1	Masculino e feminino	Entre 35 e 45 anos	
	A2	Masculino e feminino	Maiores de 46 anos	

A saída da carreira adaptada farase as 20.00 h e ás 20:01 sairán os demais participantes, exclusivamente por motivos de seguridade.

A entrega de trofeos farase ao rematar a carreira.

b) Lugar, prazo, inscrición e retirada de dorsais.

As inscricións formalizaranse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com ata o xoves, 4 de abril ás 23:59h.

Inscribirse supón, por parte do/a participante a declaración de que:

- Está en bo estado físico para participar na carreira.
- Autoriza e acepta a publicación dos seus datos e fotografías nos medios de comunicación, internet, etc., para a promoción desta actividade. Calquera persoa inscrita poderá prohibir o uso da súa imaxe, previa solicitude expresa por escrito.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
www.ponteceso.es
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

As/os atletas participantes levarán un chip que controle o tempo invertido na carreira. A retirada destes chips e de dorsais farase nun espazo habilitado para tal fin, na praza da Ribeira (Corme Porto), a partir das 18:00 h e permanecerá aberta ata 30 minutos antes do inicio da carreira. Calquera atleta con circunstancias médicas a ter en conta (alergia, atencións especiais...) deberá facelo constar no momento de recollelo dorsal e levarao anotado no reverso do dorsal durante a proba.

ADEMÁIS

- Esta proba deportiva ten un carácter aberto e popular, na que poderán participar dende atletas federados ata persoas as que lle guste correr, dende a idade 16 anos.
- Ésta é unha proba oficial da FGA con distancia non homologada.
- Os/as participantes inscritos/as estarán cubertos por unha póliza de seguro de accidentes da Federación Galega de Atletismo e a organización por unha póliza de responsabilidade civil do concello.

Estarán excluídos os derivados dun padecemento latente, imprudencia, negligencia inobservancia das leis, etc., tamén estarán excluídos os producidos por desprazamentos a ou dende o lugar no que se desenvolva a proba.

- Só se permite aos membros da organización a utilización de vehículos para o seguimento e control da proba, estando prohibido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda, sendo motivo de descualificación.
- Toda persoa que participe na carreira sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non estará cuberta polos seguros da carreira nin poderá participar nos premios.
- A organización contará con servizo de ambulancia e médico.
- Na metade do percorrido, aproximadamente, proporcionarase a cada corredor/a auga e ao final da proba auga e unha peza de froita.
- Os/as participantes poderán facer uso do pavillón municipal de Corme, para ducharse e/ou cambiarse a partir das 21:00 h.
- A organización resérvase o dereito de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento e o dereito de “modificar ou suspender o que sexa necesario” por razóns de seguridade.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
www.ponteceso.es
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

- Os/as participantes que tomen saída na 1ª Popular “Faro Roncudo”, aceptan este regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida, no mesmo, estarase ao que dispoña o comité organizador. Todo o aquí non recollido rexerese polas normas da FGA.

DESCALIFICACIÓNS

- O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.
- Quen corra por fóra do percorrido ou non o realice completo.
- Quen non pase polos controis da carreira establecidos.
- Quen non leve o dorsal no peito durante o recorrido.
- Quen chegue á meta sen dorsal ou chip.
- Quen participe cun dorsal doutro corredor.
- Quen entre fóra da hora prevista pola organización da proba.
- Facer a inscrición alterando os datos de forma intencionada.
- O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.
- Non atender as indicacións dos membros da organización ou xuíces.
- Calquera outra de análoga natureza, que a xuízo do comité poidan ser consideradas como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.

d) Clasificación e premios.

A entrega de premios farase ao rematar a carreira. Serán premiados os tres primeiros clasificados en cada categoría diferenciados por xénero.

Levarán un agasallo especial o gañador e gañadora absoluta.

Tamén será premiado o atleta local de maior idade

As reclamacións que haxa ao respecto deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro, non mais tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.



CONCELLO DE PONTECESO


Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
www.ponteceso.es
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

3º Croquis preciso do recorrido, itinerario, perfil

A proba terá un percorrido de 6 km 200 metros e unha duración máxima **dunha hora**. Trátase dunha carreira popular por asfalto xa que transcorre pola estrada que vai dende a Praza da Ribeira en Corme Porto ata o Cabo Faro Roncudo (ida e volta).

CROQUIS PRECISO DO PERCORRIDO



ITINERARIO

O itinerario é ida e volta pola estrada que vai dende a Praza da Ribeira (Corme Porto) ata o Cabo Faro Roncudo. Non hai que coller ningún desvío, nin cruce.

- A hora de saída será as 20:00 h.
- Chegarase ao Faro Roncudo sobre as 20:20 h.
- Entrada en meta sobre as 20:45 h.

Peche de meta as 21:00 h




CONCELLO DE PONTECESO

Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
www.ponteceso.es
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

PERFIL



4º. Seguros de responsabilidade civil e de accidentes.

Tódolos participantes inscritos estarán amparados por unha póliza de seguro de accidentes a través da Federación Galega de Atletismo e a responsabilidade civil será a que hai contratada polo Concello de Ponteceso.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

ASISTENCIA MÉDICA: A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

SEGURO: Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO: Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa do Concello, 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: concello.ponteceso@retemail.es
www.ponteceso.es
CIF: P1506900H
REL. : 01150682
RELG.: MU 2000/15

LOPD: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.